

Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo de Administración xeral, subgrupo C1, do corpo de técnicos/as de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico

Modelo B

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. Para os efectos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo o sinalado polo artigo 2 da devandita lei, cal das seguintes entidades non forma parte do sector público institucional?:

- a) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- b) As entidades que integran a Administración local.
- c) As universidades públicas.

2. En que supostos terán capacidade de obrar ante as administracións públicas os grupos de afectados segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) Cando a lei así o declare expresamente.
- b) Unicamente nos casos previstos pola propia lei de procedemento administrativo común.
- c) En ningún caso, salvo que unha norma con rango de lei diga o contrario.

3. A teor da regulación contida no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes supostos non encaixa coa definición de interesado?:

- a) O que promova o procedemento como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) O que, sen iniciar o procedemento, teña dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
- c) O que, sen iniciar o procedemento, teña calquera tipo de interese nel.

4. Comunicaráselles a tramitación dun procedemento ás persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite (artigo 8 da LPAC):

- a) En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
- b) Durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade.
- c) Durante a tramitación de calquera clase de procedemento.

5. Un dos seguintes sistemas non está previsto como un daqueles que poderán utilizar os interesados para identificarse electronicamente ante as administracións públicas no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Sinálese cal:

- a) Sistemas baseados en claves electrónicas recoñecidas de certificado electrónico expedidas por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".
- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".
- c) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".

6. De acordo co disposto polo artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de que momento comeza a contarse o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa cando se trate de procedementos iniciados de oficio?:

- a) Desde a data do acordo de iniciación.
- b) Desde a data en que se publica o acordo de iniciación.
- c) Desde a data en que se notifica o acordo de iniciación.

7. Segundo o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano é o competente para poder acordar un período de información pública?:

- a) O órgano ao que lle corresponda a instrución do procedemento.
- b) O órgano ao que lle corresponda ditar informe no procedemento.
- c) O órgano ao que lle corresponda a resolución do procedemento.

8. Respecto da terminación dos procedementos sancionadores regulada no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinálese cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da primeira, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.
- b) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.
- c) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a procedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.

9. A teor do disposto polo artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en que situacións poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos administrativos?:

- a) En ningún caso.
- b) Excepcionalmente.
- c) En calquera caso.

10. Respecto dos medios de notificación que deben empregar as administracións públicas, sinala o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos.
- b) As notificacións se practicarán exclusivamente por medios electrónicos.
- c) As notificacións se practicarán polo medio que sinale o interesado.

11. No caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberá realizarse despois das quince horas, e viceversa, e deixarse en todo caso polo menos unha marxe de diferenza entre ambos os intentos de notificación de (artigo 42 da LPAC):

- a) Cinco horas.
- b) Dúas horas.
- c) Tres horas.

12. Os actos nulos ou anulables que, con todo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste en virtude do principio de (artigo 50 de LPAC):

- a) Conservación de actos e trámites.
- b) Validación.
- c) Conversión de actos viciados.

13. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración poderá validar:

- a) Os actos anulables.
- b) Os actos expresos.
- c) Os actos nulos de pleno dereito.

14. Cal dos seguintes dereitos dos interesados nos procedementos administrativos relacionados no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas admite excepcións?:

- a) Dereito a identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) Dereito a non presentar documentos orixinais.
- c) Dereito a achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

15. Segundo o artigo 81 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial en que sexa preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo autonómico, este emitirse no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

16. Con relación ao trámite de audiencia, sinala o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os interesados poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes nun prazo:

- a) Non inferior a dez días nin superior a vinte.
- b) Non inferior a dez días nin superior a quince.
- c) Non inferior a quince días nin superior a vinte.

17. Conforme ao disposto no artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei establece e regula:

- a) Os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas.
- b) O réxime disciplinario dos empregados públicos.
- c) O procedemento administrativo común.

18. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, teñen a consideración de administracións públicas:

- a) As administracións das comunidades autónomas.
- b) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- c) As universidades privadas.

19. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno:

- a) Ás políticas públicas.
- b) Aos cidadáns.
- c) Á constitución, á lei e ao dereito.

20. Conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas que, no exercicio das súas respectivas competencias, establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou esixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, deberán elixir a medida menos restritiva e aplicar o principio de:

- a) Simplicidade, claridade e proximidade.
- b) Proporcionalidade.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

21. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os servizos que forman parte da Administración consultiva e que prestan asistencia xurídica:

- a) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producisen os actos obxecto de consulta en situacións de urxencia.
- b) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producisen os actos obxecto de consulta cando así se estableza na súa norma de creación.
- c) Non poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producisen os actos obxecto de consulta.

22. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a resolución de recursos nos órganos administrativos que diten os actos obxecto de recurso:

- a) En todo caso poderá ser obxecto de delegación.
- b) En ningún caso poderá ser obxecto de delegación.
- c) Deberá ser aprobada polo superior xerárquico común.

23. Conforme ao disposto no artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública na que se integran o acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados:

- a) Que diten resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) En ningún caso será necesaria a publicación das normas de funcionamento.
- c) De todos os órganos colexiados que creen as administracións públicas.

24. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de:

- a) 3 meses.
- b) 20 días.

- c) 3 días.

25. Conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o exercicio da potestade sancionadora correspóndelles aos órganos administrativos:

- a) Que a teñan tacitamente atribuída.
- b) Que non exercen a potestade sancionadora.
- c) Que a teñan expresamente atribuída, por disposición de rango legal ou regulamentario.

26. Conforme ao disposto no artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo:

- a) En canto favorezan o presunto infractor ou o infractor.
- b) En canto prexudiquen o presunto infractor ou o infractor.
- c) As disposicións sancionadoras en ningún caso producirán efecto retroactivo.

27. Conforme ao disposto no artigo 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o principio de tipicidade da potestade sancionadora establece que:

- a) Constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por un regulamento.
- b) Só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por unha lei.
- c) O principio de tipicidade non se aplica á potestade sancionadora.

28. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o cumprimento dunha obrigaón establecida por unha norma con rango de lei corresponda a varias persoas conxuntamente estas responderán das infraccións que, se é o caso, se cometan e das sancións que se impoñan:

- a) De forma mancomunada.
- b) En ningún caso poderán responder ás infraccións que cometan.
- c) De forma solidaria.

29. Conforme ao disposto no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as sancións administrativas poderán implicar privación de liberdade:

- a) Cando así se estableza nunha norma con rango de lei.
- b) Cando así se estableza no regulamento disciplinario dos empregados públicos.
- c) En ningún caso.

30. De conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na determinación normativa do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios (sinale a resposta incorrecta):

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.

- b) A reiteración por cometer diferentes accións infractoras en distintos ámbitos.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

31. Conforme ao disposto no artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en determinados supostos de actuación conxunta de varias administracións, a distribución da responsabilidade entre as diferentes administracións públicas poderase determinar:

- a) No instrumento xurídico regulador da actuación.
- b) Nunha lei do Parlamento.
- c) A responsabilidade será mancomunada en todo caso.

32. Conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideron prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles:

- a) Serán indemnizables en todo caso.
- b) Serán indemnizables se así se establece na resolución que se dite en cada procedemento.
- c) Non serán indemnizables.

33. De conformidade co establecido no artigo 1.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, esta lei ten como obxecto regular:

- a) O modelo de administración no sector público estatal, autonómico e local.
- b) O modelo de administración no sector público autonómico.
- c) O modelo de administración no sector privado e público autonómico.

34. De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a dita lei será de aplicación:

- a) Á cidadanía nas súas relacións con calquera administración pública.
- b) Á cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico de Galicia.
- c) Á cidadanía nas súas relacións co sector privado e público autonómico de Galicia.

35. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un fin da dita lei:

- a) A modernización do sector privado e público autonómico.
- b) O fomento do uso das tecnoloxías da información.
- c) O impulso do uso da identificación electrónica.

36. De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un principio xeral de actuación:

- a) Facer efectivo o principio de igualdade e non discriminación.
- b) Asegurar a interoperabilidade dos servizos, sistemas e información cos de outras administracións públicas e o sector privado.
- c) Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía evitando a fenda tecnolóxica.

37. De conformidade co establecido no artigo 5.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, o emprego de procedementos administrativos electrónicos ou dixitais:

- a) Non implicará a eliminación, redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos .
- b) Poderá implicar a eliminación, redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos.
- c) Non implicará a eliminación pero si a redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos.

38. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, en relación co acceso aos servizos públicos dixitais, sinala a resposta incorrecta:

- a) A administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público de Galicia promoverán as medidas necesarias para que a cidadanía teña acceso á provisión dos medios de identificación e sinatura electrónicas.
- b) Porán a dispor nos edificios privados e administrativos os medios de acceso para a utilización dos servizos públicos dixitais.
- c) Facilitarán o uso das canles de acceso aos servizos públicos dixitais e establecerán canles de atención e axuda para o uso adecuado dos mesmos, así como preverán os mecanismos para a continuidade dos servizos públicos en caso de indispoñibilidades tecnolóxicas.

39. De conformidade co establecido no artigo 9.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, sinalar a quen lle corresponde determinar as medidas necesarias para garantir o acceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais:

- a) Á Xunta de Galicia.
- b) Á consellería competente en materia de administracións públicas.
- c) Á entidade competente en materia de contidos dixitais.

40. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos:

- a) Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional e no seu ámbito privado.
- b) O estudiantado universitario para os trámites e actuacións que realicen motivados pola súa condición académica e no seu ámbito privado.
- c) O estudiantado universitario para os trámites e actuacións que realicen motivados pola súa condición académica.

41. Segundo o artigo 1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico da función pública galega e:

- a) A determinación das normas aplicables a todo o persoal ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.
- b) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario e laboral fixo ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.

- c) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario de carreira e laboral ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.

42. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a potestade de autoorganización é aquela que:

- a) Faculta a Administración xeral do Estado para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- b) Faculta a Consellería de Presidencia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- c) Faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.

43. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación da citada lei non se basea nun dos seguintes principios:

- a) Desenvolvemento e cualificación profesional permanente dos empregados públicos.
- b) Igualdade na atribución, ordenación e desempeño das funcións e tarefas.
- c) Eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos.

44. Con base no recollido no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei non se aplica ao persoal funcionario ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) Entidades locais galegas.
- b) Entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Delegacións ministeriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

45. De acordo co establecido no artigo 6 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, esta lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- a) En ningún caso é aplicable a este tipo de persoal.
- b) Agás no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Agás no relativo ao seu réxime disciplinario.

46. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:

- a) Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.
- b) Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Non se rexe pola presente lei en ningún caso.

47. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o prazo máximo de duración da interinidade para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración non poderá ser superior a:

- a) Tres anos.
- b) Un ano.

- c) Dez anos.

48. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:

- a) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- b) Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- c) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.

49. De conformidade co artigo 5.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, por excepción, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes:

- a) Membros do Congreso dos Deputados.
- b) Membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.
- c) Membros do Senado.

50. De acordo co artigo 5.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nos supostos comprendidos neste artigo só poderá percibirse a retribución correspondente a unha das dúas actividades:

- a) Aínda que en determinados supostos poderán percibirse as retribucións das dúas actividades.
- b) Aínda que en ningún caso se poderán percibir as axudas de custo ou indemnizacións que correspondan pola outra actividade.
- c) Sen prexuízo das axudas de custo, indemnizacións ou asistencias que correspondan pola outra.

51. De conformidade co artigo 6.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sen prexuízo do previsto no artigo 4.3, excepcionalmente poderá autorizárselle ao persoal incluído no ámbito desta lei a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación:

- a) De carácter non permanente.
- b) De carácter permanente.
- c) De carácter descontinuo.

52. De acordo co artigo 7.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de:

- a) Director xeral.
- b) Ministro.
- c) Secretario de Estado.

53. O artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas establece que será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a

remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- a) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- c) Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.

54. O artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas establece que será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- a) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- c) Un 60 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.

55. De acordo co artigo 7.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os servizos prestados no segundo posto ou actividade:

- a) Non se computarán para os efectos de trienios, pero si de dereitos pasivos.
- b) Non se computarán para os efectos de trienios nin de dereitos pasivos.
- c) Computaranse para os efectos de trienios e de dereitos pasivos.

56. De conformidade co artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non se poderá pertencer a máis de dous consellos de administración ou órganos de goberno a que se refire o apartado anterior, salvo que se autorice excepcionalmente para supostos concretos mediante:

- a) Lei.
- b) Real decreto do Goberno.
- c) Acordo do Goberno.

57. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por accesibilidade universal:

- a) A condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
- b) O principio en virtude do cal a sociedade promove valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social, de xeito que se permita que todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e os recursos necesarios.

- c) A adaptación necesaria e adecuada do ambiente físico, social e actitudinal ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida.

58. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a acreditación do grao de discapacidade:

- a) Realizárase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional.
- b) Realizárase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez no territorio da comunidade autónoma.
- c) Realizárase nos termos establecidos regulamentariamente e especificará as medidas de acción positiva que resulten de aplicación.

59. En base ao artigo 5 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as medidas específicas para garantir a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal aplicaranse, ademais de aos dereitos regulados no título I, a:

- a) A educación.
- b) A protección da saúde.
- c) A Administración de xustiza.

60. En base ao artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito á protección da saúde, o que inclúe:

- a) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde sexual e reprodutiva.
- b) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, con especial atención á saúde mental e á saúde sexual e reprodutiva.
- c) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde mental.

61. En base ao artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades:

- a) Articularase a través de plans cuxa elaboración corresponde ás entidades locais.
- b) Constitúe un dereito das persoas con discapacidade.
- c) Constitúe un dereito e un deber de todo cidadán e da sociedade no seu conxunto.

62. En base ao artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con

discapacidade e da súa inclusión social, as cualificacións e valoracións dos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade responderán a criterios técnicos unificados, baseados na evidencia dispoñible e:

- a) Terán validez ante calquera organismo público e en todo o territorio do Estado.
- b) Terán validez en todo o territorio da Unión Europea.
- c) Terán validez ante calquera organismo público no ámbito da Administración competente.

63. De acordo co artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade na súa etapa educativa terán dereito:

- a) A unha educación de calidade, con preferencia en centros especiais.
- b) A unha educación inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais.
- c) Á gratuidade do ensino, cando este se desenvolva nos centros especiais.

64. En base ao artigo 19 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade, na súa etapa educativa, terán dereito:

- a) Á gratuidade do ensino nos centros especiais e ao apoio á escolarización nos centros ordinarios, sen que se poidan establecer garantías adicionais.
- b) Á gratuidade do ensino nos centros ordinarios e nos centros especiais, de acordo co que dispoñen a Constitución e as leis que a desenvolven.
- c) Á gratuidade do ensino nos centros especiais e ás axudas que se establezan para o ensino en centros ordinarios.

65. De conformidade co establecido no artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle exclusivamente á persoa titular da secretaría xeral técnica.
- b) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial.
- c) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle ao órgano competente para resolver o expediente no que se atope a información solicitada.

66. De conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- b) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

- c) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a solicitude.

67. De conformidade co establecido no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o conselleiro do que dependa o órgano que debe de resolver.
- b) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello da Xunta de Galicia.

68. De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto:

- a) A información estará dispoñible en galego e en castelán.
- b) A información estará dispoñible en galego, e poderá traducirse ao castelán.
- c) A información estará exclusivamente en galego.

69. De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto:

- a) Deberá dispoñer dun sistema de subscricións que lle permita á cidadanía recibir automaticamente avisos.
- b) Poderá dispoñer, nos supostos nos que sexa necesario, dun sistema de subscricións para a cidadanía.
- c) Poderá dispoñer, nos supostos nos que o acceso sexa frecuente e numeroso, dun sistema de subscricións que lle permita á cidadanía recibir automaticamente avisos.

70. Segundo o establecido no artigo 31.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a coordinación e control interno en materia de transparencia:

- a) Será exercida pola Comisión de Información e Transparencia, prevista na Lei 10/2017, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- b) Será exercida pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- c) Será exercida pola Comisión de Información Pública.

71. Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a Comisión da Transparencia:

- a) Atribúenselle as funcións desta ao Valedor do Pobo.
- b) Atribúenselle as funcións desta ao Consello da Xunta.
- c) Atribúenselle as funcións desta ao titular da consellería de presidencia.

72. Segundo o establecido no artigo 33.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a Comisión da Transparencia:

- a) Créase a Comisión da Transparencia como órgano dependente do Valedor do Pobo.

- b) Créase a Comisión da Transparencia como órgano independente adscrito do Parlamento de Galicia.
- c) Créase a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo.

73. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado pola Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, do Parlamento galego:

- a) Sempre que iso sexa posible.
- b) Na elaboración de todos os programas e consignacións orzamentarias.
- c) Na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres.

74. Conforme ao disposto no artigo 2 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, inclúese dentro do concepto de discriminación:

- a) Calquera trato máis favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a este.
- b) O trato máis favorable a unha muller en relación co embarazo ou co permiso por maternidade.
- c) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo.

75. Conforme ao disposto no artigo 3 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dispónse, polo que respecta ao acceso ao emprego, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, cando esta característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, a condición de que o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado denomínase:

- a) A excepción de boa fe ocupacional.
- b) Un suposto de discriminación.
- c) Unha acción positiva.

76. Conforme ao disposto no artigo 4 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, denomínanse accións positivas:

- a) As medidas destinadas á integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas públicas.
- b) A colaboración en materia de xénero entre os diversos órganos integrados na Administración xeral da comunidade autónoma.
- c) As medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

77. Conforme ao disposto no artigo 5 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a conciliación do

emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación considérase:

- a) Un criterio de actuación da Xunta de Galicia.
- b) Unha función da Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- c) Unha función do Consello Galego das Mulleres.

78. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade a elaboración de estudos, informes ou consultas no ámbito de emprego das relacións laborais que lle sexan solicitados pola Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, é unha función de:

- a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- b) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

79. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a difusión dos valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e das relacións laborais corresponderalle a:

- a) O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA).
- b) A Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

80. Segundo o disposto no artigo 8 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén esixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado por:

- a) A Dirección Xeral da Función Pública.
- b) O órgano competente en materia de igualdade.
- c) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Segundo o artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación dalgún sistema de identificación electrónica por parte da Administración Xeral do Estado servirá para acreditar a identidade dos interesados no procedemento administrativo:

- a) Unicamente fronte a administración local.
- b) Fronte a todas as Administracións Públicas.
- c) Unicamente fronte a administración autonómica.

2. Sinala o artigo 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións públicas só lles requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para

unha serie de actuacións, entre as cales non se atopa unha das seguintes. Sinálese cal:

- a) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- b) Desistir de accións.
- c) Presentar documentación no rexistro.

3. Conforme ao disposto no artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei establece e regula:

- a) Os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas.
- b) O réxime disciplinario dos empregados públicos.
- c) O procedemento administrativo común.

4. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas intégranse en:

- a) As universidades públicas.
- b) Entidades de dereito privado.
- c) O sector público institucional.

5. Cal destas licenzas non está recollida nos artigos 126 a 131 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Licenza por asuntos particulares.
- b) Licenzas por enfermidade.
- c) Licenza para supostos de hospitalización prolongada.